

os muiños

traballos sociais 2ª avaliación

**Por: Enrique Canosa Torea
Xoel Salgueiro Mayo.**

Índice:

A fondo. Pezas dun muíño.....	3
Funcionamento do muíño.....	4
Muíño de Tal.....	5
Os sete muíños de Uhía.....	9
1.- Río da Braña.....	10
2.- Río Laredo.....	11
3.- Río do Medio.....	12
4.- Río Salgueiro.....	13
5.- Río Golfeiro.....	14
6.- Río Cubo.....	15
7.- Río Outeiro.....	16
Outros tipos de muíños de auga.....	17
Algo de Esteiro.....	18
Fin.....	19

A fondo!!

Pezas dun muíño



1.-Rodicio **2.-** Inferno. **3.-** Balde. **4.-** Eixo. **5.-** Moa. **6.-** Olo. **7.-** Pé. **8.-** Adella. **9.-** Adellón. **10.-** Tarabelo. **11.-** Aliviadeiro. **12.-** Porca. **13.-** Agulla. **14.-** Raio.

Funcionamento: Os muíños do noso contorno son de tipo *Rodicio*. Onde unha aspa de madeira ou ferro se move coa forza da auga que entra nas caldeiras do *Inferno* a través do *Balde* situado no lado oposto do *Rodicio*. Á súa vez o *Rodicio* xunto á vara e ao *Eixo* de madeira move a *Moa* (pedra circular no interior do muíño furada no medio), sendo polo *Ollo* por onde entran os grans para seren esmiuzados e, saíndo fariña entre a *Moa* e o *Pé* que tamén é de pedra; a fariña recóllese do chan despois de ser varrida cunha vasoira feita de xestas. O gran para moer introdúcese nun recipiente de sección troncocónica, chamado *Adella* e dende aquí cae ao *Adellón* (caixón movíbel que é impulsado polo *Taranvelo*). O grosor da fariña dependerá da separación entre a *Moa* e o *Pé* regulable a través do *Eixo* e o *Aliviadeiro* que vai unido á *Porca* por unha madeira perpendicular ao *Eixo* ou vara sobre a que xira esta a través do contacto entre dúas pedras (a *Agulla* e o *Raio*).

MUÍÑO DE TAL

Denominación: Muíño do Souto

Tipoloxía: Muíño de auga. É privado (ten dono)

Cronoloxía: 1900

Localización: No Concello de Muros, Parroquia de Tal, lugar de As Cambadas.

Descrición: é un muíño moi pequeno duns 2x4m (aprox.) está moi ben conservado aínda que lle falta algunha peza da maquinaria,



Interior: por dentro é moi pequeno, o chan é de cemento e ten terra por enriba, ten unha trampuña onde hai auga estancada. Outra das cousas que ten é unha pedra circular de 30cm x 60cm (alt.)

Exterior: por fóra está recuberto de vexetación, semienterrado por ela. A estrutura consérvase perfectamente e as paredes non teñen dano algún e o tellado tampouco está tan mal.

Características técnicas:

- materias empregados:** pedra, barro e tellas.
- técnicas de fabricación:** pedra, despois barro e así sucesivamente ata o teito, onde te vigas de madeira e logo a cuberta é de tellas.
- medidas:** 2x5x2,2 m.

Características artísticas:

- autor:** Pedro Lestón Rei (veciño de Tal)

Descrición artística:

- Datos históricos:** fundouse en 1900 por Pedro Lestón Rei para uso privado seu e dos seus familiares, para moer os grans dos seus cultivos. Actualmente xa non se utiliza, pois fáltanlle algunha pezas e está algo deteriorado para o seu uso. Construíuse moi cerca de onde se lavaba a roupa (iso era de uso público)



Os 7 muíños de Uhía

Están situados moi cerca uns dos outros e o primeiro a 15 metros da estrada.

Xa teñen mais de 100 anos.

Características comúns:

Normas de utilización veciñal: a cada veciño correspondíanlle unhas horas de muíño. Este horario viña determinadas polas terras que teña: cantas máis terras, máis horas de muíño. Ex: $30\text{m}^2=2\text{h}$, $60\text{m}^2=4\text{h}$. (non son os datos reais, só un exemplo)

Descrición: Todos son de auga. Moi vellos. Xa non funcionan.

Son de pedra. O tellado con trabes de madeira e tella. Nestes momentos estanse a restaurar algúns, para o turismo principalmente.



1.- Nome: Braña

Estado: moi malo. En ruínas. Non funciona.

Descrición: é o primeiro dos 7 muíños. Está moi cerca da estrada, vese desde ela.

A estrutura base está intacta, o tellado está en ruínas pero aínda se sostén. Está cuberto de vexetación. Non ten porta, nin as pezas da maquinaria.



2.- Nome: **Laredo**

Estado: regular.

Descrición: é o segundo dos 7 muíños. Está moi cerca dos outros e non é moi grande. Ten a pedra de moer rota, non ten teito só ten as vigas de madeira rotas. Polo resto, é coma os outros.



3.- Nome: Do Medio

Estado: regular.

Descrición: é o terceiro dos sete muíños tamén está moi cerca dos outros dous.

O teito está cuberto de vexetación, non ten porta. Como a maioría, por dentro está desfeito e sen pedra de moer.



4.- Nome: **Salgueiro**

Estado: regular

Descrición: é o cuarto dos sete muíños de Uhía. Está moi cerca dos outros e a uns metros do río do que colle a auga. O teito está en bo estado. Pero non ten pedra (o que se ve na foto e a canle que conduce a auga ao mecanismo do muíño).



5.- Nome: **Golfeiro**

Estado: regular-bo.

Descrición: é o quinto dos sete muíños de Uhía. É o único que ten porta e tamén o único que ten a pedra no seu sitio. É un dos que está en mellor estado. Ten o teito de tella pegada con cemento. Na foto vese tamén a canle pola cal vai a auga para o muíño.



6.- Nome: **Cubo**

Estado: regular

Descrición: é o sexto dos sete muíños de Uhía.

Posiblemente sea o que máis cerca do río estea, pero a auga canalízase desde uns metros de distancia.




7.- Nome: Outeiro

Estado: malo.

Descrición: é o último dos sete muíños de Uhía, polo que está moi lonxe da estrada. Tamén está moi lonxe dos outros e tamén está moi cerca do río. É moi resistente porque ten unha árbore moi grande encima e resiste sen ceder.

Outros tipos de muíños de auga:




Algo de

☺Esteiro ☺




Foto da **praia do Medrón**, Esteiro. Esta praia está situada ao final de Esteiro indo cara Noia; ese lugar chámase Uhía. Tamén, ao final da foto, se ve O Portiño.



Igrexa de Esteiro.

Está situada no medio de Esteiro non é moi vella, é de pedra e é de estilo románico.



Este é o final do traballo sobre os muíños de Tal e Esteiro.

Foron 18 páxinas moi interesantes, coas que esperamos que aprendades algo sobre os muíños e o patrimonio de Esteiro e Tal.

Primeiro tratamos en “a fondo” o funcionamento dun muíño, as súas pezas e demais cousas.

Logo estudamos os sete muíños de Uhía, situados en liña, seguindo o percorrido do río.

Muros, marzo de 2009